

Faro *da* Cultura

Nº 481 ■ XOVES, 12 DE DECEMBRO DE 2013

Coordina: Xosé Ramón Pena

Aqueles que no campo da cultura non tendemos ao pesimismo nin practicamos o secretismo, amosamos esa confianza case conxénita en querer facer partícipes do que sabemos aos que temos ao noso redor. Entendido isto nun senso ben laxo. Unha confianza que, nos tempos que estamos a vivir, está a pasar probas moi difíciles. Sirva de mostra, a pouco que prestemos atención á fenomenoloxía cotiá, o centenario do nacemento de Albert Camus.

Procuremos na prensa, na televisión, nas librarías, nos clubs de lectura: se atopamos algunha lembranza, algún exercicio a prol da súa memoria, podemos botar as campás a tocar. Ademais dalgunha iniciativa en librarías ou nalgún teatro, a prensa española aínda cumpriu: *El País* publicou diversos artigos co denominador común de “Un século de literatura e compromiso”. Entre a prensa catalá, *La Vanguardia* dedicoulle un editorial e diversas crónicas. Salientemos que Google participou da lembranza cun doodle de vinte e tres segundos.

Pero non só por iso un corre o risco de ser presa do desánimo: se alguén procurou o comportamento da prensa francesa, o 7 de novembro pasado foi un deserto. Nin unha cita. Albert Camus segue a incomodar en Francia: ás dereitas e ás esquerdas; aos chauvinistas e aos laicos en canto á patria; aos engagés e aos frívolos. Por parte das autoridades, da cultura oficializada houbo o maior dos desintereses, ata o punto de sabotar oficialmente e extraoficialmente a exposición que a cidade de Aix-en-Provence presenta ata o 4 de xaneiro. Discrepancias entre o ministerio, o concello e mais os herdeiros, e destitución pola alcaldesa do comisario Benjamin Stora e renuncia do seu sucesor, Michel Onfray.

As identidades híbridas afloraron no século XX, cando se consolidaron as identidades nacionais homoxéneas e cando apareceron os colonialistas malgré-eux que sucumbiron ao engado da terra colonizada. Camus foi un deles. Nacido en Alxeria de pai de orixe alsaciana, foi e segue a ser home de encrucilladas. Así, as esquerdas de París non acabaron de asumir as críticas que, desde o anar-

O extraño estranxeiro

Cen anos do nacemento de Albert Camus

JOAQUIM VENTURA



Albert Camus (1913-1960)

quismo asinado, fixo ao totalitarismo estalinista (sendo como foi un lúcido avisador).

Noutras coordenadas, en Alxeria aínda hai quen considera que nunca tirou de riba de si certos tics de superioridade racista. Sería o caso do escritor amazigh Kateb Iacine, quen, nun recente vídeo de René Vautier, *Déjà la sang de mai ensemengait novembre*, acusa a Camus –por comparación con Faulkner– de ser racista pasivo xa que o seu alxerianismo non pasaría de admiración paisaxística, esquecendo a realidade e mais a loita do pobo.

Unha crítica que se engadía á que formulou en 1993 Edward Said en *Cultura e imperialismo* (en castelán, 2004), cando sostíña, e *Le Monde diplomatique* deste novembro vila lembrabla co seu artigo “Albert Camus, ou l’inconscient colonial”, que Camus nunca deixou de ser un colono. Así, reflexionaba porque *O extraño* (1942) e *A peste* (1947), cunha estrutura que estuda a relación entre o individuo e a sociedade, sempre remiten á Francia ocupada polos nazis (como se Alxeria non estivese ocupada manu militari polos franceses). Sen rexeitar estas opinións, a un sempre sempre lle queda a dúbida de se os colonizados levan razón polo simple feito de selo, como se eles nunca –en tempo pasado ou futuro– fosen axentes de opresión (sen ir máis lonxe, a arabización forzosa dos amazigh imposta polo FLN).

*Frente ás limitacións
oficiais, a iniciativa
privada non pasou por
alto o centenario*

Fronte ás limitacións oficiais, a iniciativa privada non pasou por alto o centenario de Camus. Así, temos que salientar a edición das *Oeuvres* en Gallimard, a reedición dos *Carnets* por Folio, o ensaio *Camus Brûlant* de Benjamin Stora, ou *Camus au Pantheon. Discours imaginaire*, de Henri Guaino, sen esquecer *Le Monde en partage*, froito do permiso dado por Christine Camus para dar publicidade aos arquivos do seu pai.